

Sra. Dna. Yolanda Díaz
Ministra de Trabajo e Economía Social

Madrid

Manuel Monge González con **DI 14232518A, enderezo na rúa Faro 9-2 esquerda 15002** A Coruña, como sociólogo, investigador, vítima do franquismo e membro de Colectivo de presas e presos políticos de Ferrol na ditadura

EXPÓN

Quero, en primeiro lugar, **felicitar ao seu ministerio pola iniciativa** para, en cumprimento da Lei de Memoria Democrática, retirar o 27 de outubro de 2022 a Medalla ao Mérito no Trabajo ao ditador Francisco Franco (concedida en 1953), aos ministros da ditadura: José Antonio Girón de Velasco (1945), José Solís Ruiz (1973), José Luis Arrese y Magra (1954), José María Fernández de Ladreda (1970), Jesús Romero Gorría (1970); Cardeal Enrique Pla e Deniel (1960), que xustificou como bispo a sublevación fascista de 1936 e foi procurador das Cortes franquistas (1943-1946); Juan Yagüe Blanco (1976), xeneral golpista; Félix Huarte Goñi (1964), realizou coa súa empresa Huarte (actualmente OHL) as obras dos Val dos Caídos, procurador nas Cortes franquistas (1964-1971); José León de Carranza Gómez-Pablos, alcalde de Cádiz na ditadura (1948-1969). Todos eles implicados no golpe de Estado de 1936, ocuparon cargos ao servizo da ditadura ou participaron na represión.

Subscribo a **xustificación desta decisión política**. Como vostede manifestaba: "No estamos volviendo al pasado en ningún caso, estamos mirando al futuro. Estamos asumiendo un mandato ético, y ahora legal, ineludible, que niega la amnesia y otorga la justa y debida reparación. Porque sobre el dolor, la muerte y la indefensión de miles y miles de personas es imposible construir un futuro en firme". Lembraba tamén o artigo 42 da LMD: "las condecoraciones y recompensas concedidas con anterioridad a la entrada en vigor de esta ley, podrán revisarse cuando quede acreditado que el beneficiario, antes o después de la concesión, con motivo de haber formado parte del aparato de represión de la dictadura franquista, hubiera realizado actos u observado conductas manifiestamente incompatibles con los valores democráticos y los principios rectores de protección de los derechos humanos, así como con los requisitos para su concesión" (Nota oficial do Ministerio de Trabajo e Economía Social, 27-10-2022):

Igualmente, a miña felicitación pola **retirada da Medalla ao Mérito no Trabajo a dous significados empresarios** o 27 de agosto de 2024: Julio Fernández Gayoso (concedida en 2006) e Gerardo Díaz Ferrán (1999), condenados os dous por corrupción. O banqueiro Fernández Gayoso, expresidente da Novacaixagalicia, foi condenado por cobro indebido de indemnizacións por xubilacións da cúpula da entidade e que segundo vostede manifestaba "está en contradición co principio de exemplaridade que require esa medalla", como recolle o artigo 10.1.a) da norma sobre a concesión desas distincións. Díaz Ferrán foi condenado a cinco anos e seis meses de cárcere, ratificado por sentenza do Tribunal Supremo, polos delitos de alzamento de bens, concurso fraudulento, integración en grupo criminal e branqueo de capitais. Recibía o apoio do 95% do Comité Executivo da CEOE o 29 de decembro de 2009 e en Galiza o presidente da Confederación de Empresarios de Pontevedra, José Manuel Fernández Alvarino, outro empresario "exemplar", elixido en xullo de 2013 como presidente da patronal galega, apoiaba a autoridade moral do presidente da CEOE nunha "Carta abierta a Díaz Ferrán", publicada en Faro de Vigo (21-12-2009).

O preámbulo da **Lei 20/2022 de 19 de outubro de Memoria Democrática** sinala: “A memoria das vítimas do golpe de estado, a Guerra de España e a ditadura franquista, o seu recoñecemento, reparación e dignificación, representan, por tanto, un inescusable deber moral na vida política e é signo da calidade da democracia. A historia non pode construírse desde o esquecemento e o silenciamento dos vencidos. O coñecemento do noso pasado recente contribúe a asentar a nosa convivencia sobre bases máis firmes, protexéndonos de repetir erros do pasado. A consolidación do noso ordenamento constitucional permítenos hoxe afrontar a verdade e a xustiza sobre o noso pasado. O esquecemento non é opción para unha democracia”.

O artigo 41.1 desa lei **retira o título nobiliario de Conde de Fenosa a Pedro Barrié de la Maza**, concedido en 1971, "en atención ao obxecto desta lei". E o artigo 1.1 da citada lei sinala: "A presente lei ten por obxecto a recuperación, salvagarda e difusión da memoria democrática, entendida como coñecemento da reivindicación e defensa dos valores democráticos e os dereitos e liberdades fundamentais". Os 33 títulos nobiliarios retirados inclúen a participantes no golpe de Estado de 1936, colaboradores da ditadura, amigos e familiares do ditador Franco.

Por outra parte, o artigo 10.1.b do **Real Decreto 153/2022, de 22 de febreiro, de Regulamento da Medalla e a Placa ao Mérito no Traballo**, é de aplicación para a retirada de Medallas a Pedro Barrié de la Maza, José María González Llanos y Caruncho e José Fariña Ferreño, porque sinala que **poderá ser revogada "Cando quede acreditado que a persoa beneficiaria, antes ou despois da concesión, con motivo de formar parte do aparello de represión da ditadura franquista, realizase actos ou observado condutas manifestamente incompatibles cos valores democráticos e os principios reitores de protección dos dereitos humanos"**.

Por todo o exposto,

SOLICITO

A. QUE SE RETIRE A PEDRO BARRIÉ DE LA MAZA A MEDALLA DE OURO AO MÉRITO NO TRABALLO

Presento esta petición en defensa da memoria democrática, dos valores democráticos e dos dereitos e liberdades fundamentais, como sinala a LMD.

A concesión desta distinción polo Ministerio de Traballo era recollida así pola Axencia Efe: "O 28 de xaneiro de 1950 celebrábase no hotel Palace de Madrid un acto de homenaxe, organizado pola Cámara Oficial de Comercio e Navegación de Ferrol con motivo da distinción, que foi imposta nese acto polo Señor Pinilla, subsecretario do Ministerio de Traballo".

Pedro Barrié de la Maza foi amigo persoal do ditador Franco, que distinguiu a Barrié co título de Conde de Fenosa e procurador das Cortes franquistas de 1946 a 1955; Barrié apoiou a sublevación fascista de 1936 e subvencionou o exército de Franco, exerceu a represión contra os traballadores do Banco Pastor e tivo unha actuación fundamental no espolio do pazo de Meirás e da Casa Cornide para beneficio da familia do ditador Franco.

Axunto unha biografía silenciada de Pedro Barrié de la Maza (**ANEXO 1**), con documentación recollida do meu libro: "Os restos do franquismo en Galiza. Exaltación, honras e distincións a golpistas, franquistas e criminais", que xustifica esta petición.

Axunto tamén (**ANEXO 2**) o informe elaborado, entre outros, polos historiadores Ana Romero e Luis Lamela –petición do concello da Coruña ao Instituto José Cornide de Estudos Coruñeses– para a retirada de elementos contrarios á memoria democrática, que recolle documentación que xustifica a retirada de rúas e distincións a 14 persoas, entre elas, Pedro Barrié de la Maza.

B. QUE SE RETIRE A MEDALLA DE PRATA NO TRABALLO A JOSÉ MARÍA GONZÁLEZ LLANOS Y CARUNCHO

Súmase á sublevación militar de 1936 embarcando como Capitán de Corveta no cruceiro Canarias o 7 de agosto de 1936 e participando na batalla de Cabo Espartel no afundimento do destrutor Almirante Ferrándiz da República. Contralmirante honorario na ditadura (1958). *Medalla de la Campaña*, condecoración concedida entre 1938 e 1939 para distinguir intervencións en operacións bélicas ou servizos (tiña tamén esta distinción Gabriel Pita de Veiga, almirante e ministro de Mariña na ditadura); Medalla de Prata da Cidade (17-4-1943), que recibirían tamén os ministros da ditadura José Ibáñez Martín e Alfonso Peña Boeuf; Fillo Predilecto de Ferrol (3-6-1968) e Fillo Adoptivo de Fene (28-10-1968).

Axunto datos que xustifican esta petición (**ANEXO 3**).

C. QUE SE RETIRE A MEDALLA AO MÉRITO NO TRABALLO NA SÚA CATEGORÍA DE OURO A JOSÉ FARIÑA FERREÑO

Estreito colaborador de José Calvo Sotelo, enlace desde Portugal cos militares golpistas de Andalucía. Medalla de Prata da Coruña (6-6-1950), Medalla de Ouro (25-9-1962), ten tamén unha rúa; Fillo Predilecto da provincia da Coruña (27-6-1953); Medalla de Ouro de Santiago (23-12-1965); rúa en Vilagarcía.

Axunto datos que xustifican esta petición (**ANEXO 4**), recollidos do citado libro OS RESTOS DO FRANQUISMO EN GALIZA.

Axunto tamén información sobre José Fariña Ferreño, recollida do citado informe de Ana Romero e Luis Lamela (**ANEXO 5**).

A Coruña, 22 de novembro de 2024

Asdo. Manuel Monge González manolomongegonzalez@gmail.com

ANEXO 1

BIOGRAFÍA SILENCIADA DE PEDRO BARRIÉ DE LA MAZA

Datos recollidos do libro de Manuel Monge OS RESTOS DO FRANQUISMO EN GALIZA (Edicións Laiovento, 2020)

Os tempos son chegados para baixar os “santos” (Pedro Barrié, Alfonso Molina, Sergio Peñamaría, etc) dos altares, onde estiveron “venerados “ durante máis de corenta anos. Xa coñecemos a historia oficial, agora hai que difundir a biografía silenciada.

Pedro Barrié de la Maza (1888-1971), empresario, banqueiro e significado franquista, tivo un papel destacado no financiamento e apoio ao exército de Franco cando dá un golpe de Estado o 18 de xullo de 1936 contra a Constitución, contra a democracia e contra o goberno lexítimo da República, que trouxo unha ditadura criminal. Crea en 1943 a empresa eléctrica Fuerzas Eléctricas del Noroeste (FENOSA), resultado da fusión de Fábrica de Gas y Electricidad con Electra Popular Coruñesa, que foi expropiada a prezo de saldo despois do asasinato polo franquismo do seu dono, José Miñones, avogado, empresario e deputado, que foi fusilado polo franquismo o 2 de decembro de 1936. En 1939 Barrié pasaba a presidir o Banco Pastor, despois do falecemento de Ricardo Rodríguez Pastor. Presidente, entre outras moitas empresas, de Astilleros y Talleres del Noroeste S.A. (ASTANO). Foi Presidente da Xunta de Obras do Porto da Coruña de 1944 a 1971.

A través do Banco Pastor, este banqueiro estivo implicado en todo tipo de campañas de axuda ao exército sublevado, así como de apoio ao réxime fascista, sendo recoñecida a súa colaboración até polos mesmos falanxistas. Así, o 28 de xaneiro de 1939, o xornal *Azul*, órgano de Falange Española y de las JONS, difundía esta noticia: “Reina extraordinario entusiasmo para ayudar a nuestros hermanos liberados en Barcelona. En el Gobierno Civil se están recibiendo cuantiosos donativos en metálico y en especies, destacándose el de la Banca Pastor, que ha hecho entrega de 25.000 pesetas” (campaña *Auxilio a Poblaciones Liberadas*).

Barrié tivo durante anos unha estreita relación e amizade persoal con Franco, participando nas recepcións a Franco no Pazo de Meirás e nas audiencias que o ditador concedía. Acompañábo nas visitas ao Club Náutico da Coruña, do que era Presidente, e navegaba co ditador no iate Azor. O banqueiro lembraba moitos anos de amizade nunha carta que remite a Franco en 1970 para pedirlle mediación perante o Ministerio de Facenda en relación cunhas dificultades que estaba a atravesar a empresa ASTANO. Despedíase agardando que “como todos los años, si usted me lo permite, pueda visitarlo este verano en el Pazo de Meirás. Recordaremos nuestros muchos años de amistad y podré reiterarle mi inquebrantable lealtad y afecto”. Lealdade ao franquismo que mantivo até o seu falecemento o 14 de marzo de 1971.

Esa estreita amizade co ditador concretouse na concesión de todo tipo de favores e distincións. Foi procurador nas Cortes franquistas durante oito lexislaturas (1946-1971), recibindo de Franco numerosas condecoración, entre outras: Gran Cruz de la Orden de Isabel la Católica (1946), Medalla al Mérito en el Trabajo (1949), Gran Cruz de la Beneficiencia (1966), con motivo da creación da Fundación Pedro Barrié de la Maza. Ademais, Franco premiaba a Barrié co título

nobiliario de Conde de Fenosa (BOE nº 288, 15-10-1955) polos seus servizos á ditadura e á familia Franco: “Siendo los títulos nobiliarios la mejor manera de mantener vivo el recuerdo de las acciones nobles, de premiar a quien las realiza y de expresar la gratitud a quien la mercede, don Pedro Barrié de la Maza, por su inteligente laboriosidad, su constante iniciativa creadora, impregnada de sentido cristiano, se ha hecho digno del reconocimiento nacional”.

Xunto con Julio Muñoz Rodríguez de Aguilar, Gobernador Civil da Coruña, e outros significados franquistas, como Alfonso Molina, promoven a *Junta pro Pazo del Caudillo* para a adquisición do pazo de Meirás por “suscripción popular”, que foi entregado a Franco, como Xefe do Estado, o 5 de decembro de 1938. Cando roubaron as casas e terras de campesiños para ampliar a extensión do pazo de Meirás, os propietarios eran citados na sede coruñesa do Banco Pastor para asinar os documentos de “cesión” das súas propiedades (*Meirás. Un pazo, un caudillo, un espolio*, de Carlos Babío Urquidi e Manuel Pérez Lorenzo. Fundación Galiza Sempre, 2017).

Por outra parte, Barrié foi unha peza clave do puzzle para que a Casa Cornide, na Cidade Vella da Coruña e que era parte do patrimonio público, acabase finalmente como propiedade de Carmen Polo, esposa de Franco. Na poxa, amañada, celebrada o 2 de agosto de 1962 só participaron o falanxista José Luis Amor Fernández, subxefe do Movemento, e Pedro Barrié de la Mazá, que se fai coa propiedade do edificio por 305.000 pesetas. O día anterior, o secretario de Franco Ricardo Catoira Garaboa, adiantaba o éxito da operación en carta dirixida a Juan Sánchez-Cortés, Subsecretario de Facenda: “Tengo el gusto de comunicarte que hoy por fin ha terminado el plazo para la subasta de la célebre casa que tanto deseaba Su Excelencia. Hoy también se reúne el Pleno para adjudicarla a un particular y este venderla a la Señora. Así se lo hemos explicado a Su Excelencia por ser la mejor fórmula y que de esta forma no se hace una adjudicación directa de bienes que fueron del Estado al propio Caudillo”. A operación foi un éxito: “Un inmueble do Estado adquirido polo Concello mediante permuta para, inmediatamente, adxudicalo a un particular [Pedro Barrié de la Maza] en poxa e que este lle transmitise a propiedade á dona do Xefe do Estado”, como se recolle no citado libro sobre Meirás.

As persoas con militancia fascista ou próxima ao poder franquista tiveron todo tipo de facilidades para enriquecerse despois do golpe de Estado do 18 de xullo de 1936. Un dos métodos utilizados foi a ocupación de espazo público para negocios privados. Así, Armando Casteleiro Varela conseguía “autorización para ocupar una parcela destinada a construir una piscina. Gimnasio y locales anejos para servicios de la misma en la playa de El Parrote, de la bahía de La Coruña” (BOE nº 35, 4-2-1941), coñecida como *La Solana*. O mesmo que o seu irmán (José Casteleiro Varela) era membro da milicia *Caballeros de La Coruña*, que tiveron un importante protagonismo na represión.

José Casteleiro era unha persoa influínte na corporación municipal e facilitou que o seu irmán conseguise esa concesión. Toma posesión como membro da Comisión Xestora do Concello da Coruña o 18 de agosto de 1938, cando é nomeado alcalde Fernando Álvarez-Sotomayor y Zaragoza. Nesta Xestora xa estaban significados franquistas que van marcar a vida municipal e política nos próximos anos, entre outros: José Pérez Ardá y López Valdivieso, Eduardo Sanjurjo de Carricarte, Diego Delicado Marañón e Alfonso Molina Brandao.

En 1945 tamén conseguiu autorización para a construción dun hotel anexo a este complexo (Hotel Finisterre): “Autorización a don Armando Casteleiro Varela para ocupar una parcela en la zona

marítima-terrestre de la playa del Parrote de la bahía de La Coruña para construcción de un hotel” (BOE nº 72, 13-3-1945).

En todos estes negocios intégrase Pedro Barrié de la Maza a partir de 1945, como recolle o profesor Joán Carmona Badía, catedrático de Historia das Institucións Económicas da Universidade de Santiago,: “Dentro das actividades relacionadas coa hostalaría e a construción nas que participa Barrié destaca a creación de Finisterre S.A., unha empresa constituída na Coruña en agosto de 1945, na que Industrias Gallegas entraría da man dos promotores Emilio Romero (SAINGA) e Armando Casteleiro Varela, que eran concesionarios de autorizacións para edificar os hoteis Embajador e Finisterre, así como La Solana”.

O franquismo era, teoricamente, neutral antes do comezo da II Guerra Mundial, mais Galiza serviu de base de submarinos, aeronaves e bases de comunicación ao servizo do exército de Hitler. Tamén foi fundamental no subministro de materias primas, que eran decisivas para incrementar a capacidade militar do nazismo. O volframio era un mineral imprescindible para o endurecemento da blindaxe dos acoirazados e para aumentar a capacidade destrutiva dos seus proxectís. Franco estaba en débeda con Hitler polo apoio nazi na Guerra civil, así que deu todo tipo de facilidades para a exportación deste mineral desde Galiza porque tiña importantes xacementos. Segundo Joán Carmona, “en ningún outro sector económico tivo Galiza tanta importancia no escenario mundial”.

Despois de chegar á presidencia do Banco Pastor, unha das primeiras medidas que tomou Barrié de la Maza foi mercar en 1941 as minas de volframio de San Finx, na parroquia de Vilacoba (Lousame) a través de Industrias Gallegas S.A. A exportación de volframio foi un dos negocios de Barrié que lle permitiu destinar ese diñeiro para o enriquecemento do Banco Pastor e facilitar a creación de todo un emporio empresarial.

“O empresariado galego considerou a Guerra Civil como unha conxuntura excepcional, que aproveitaron para facer negocios de acordo coas necesidades do momento”. Esta é unha das conclusións de Margarita Vila e Elvira Lindoso da UDC no seu traballo *El negocio de la Guerra Civil en Galicia, 1936-1939. El papel estratégico de la economía gallega durante la Guerra Civil: financiación y suministro de bienes*. Segundo este traballo, “el apoyo al bando vencedor de la Guerra civil proporcionó una elevada rentabilidad al Banco Pastor en términos de un fuerte sostén político por parte del nuevo régimen”. As chamadas “doazóns patrióticas” do Banco Pastor (subscrición para Exército e Milicias, Auxilios á poboación liberada, Subsidio Combatentes, subscrición para vestiario do Exército, subscrición para avións e armamento etc.) acadaron 454.888 pesetas no período 1936-1939.

Segundo o traballo citado de Vila e Lindoso: *Una de las aportaciones más interesantes de los grupos empresariales a la causa nacional fue la Contribución de beneficios extraordinarios de la guerra. Este impuesto directo fue creado por Ley de 5 de enero de 1939, pero aplicado con carácter retroactivo desde el 18 de julio de 1936. Señalaba como sujetos pasivos a las “personas naturales y jurídicas, nacionales o extranjeras, que realizasen cualquier clase de negocios mercantiles e industriales”*. Se consideraban beneficios extraordinarios los que excedían del promedio de ganancias obtenidas durante el trienio previo al estallido de la guerra (1933-1935). Como compensación polo apoio de Pedro Barrié de la Maza ao Exército de Franco e á ditadura, o

Banco Pastor estaba á cabeza dos principais contribuíntes por beneficios extraordinarios na provincia da Coruña (1940-1943).

Cumpríase así o que dicía Franco: “Nuestra Cruzada es la única lucha en la que los ricos que fueron a la guerra salieron más ricos” (discurso en Lugo o 21 de agosto de 1942). Como sinala o historiador Julian Vadillo (*Los tentáculos de la dictadura: un gran negocio llamado franquismo*; diagonal.net, 19-11-2015): “Grandes familias de este país medraron a la sombra del dictador. Pero no sólo se benefició a esas familias. El propio Franco hizo su fortuna a partir del golpe de Estado contra la República. El franquismo no sólo fue una maquinaria represiva sino también una gran empresa y un negocio que, en la actualidad, sigue reportando beneficios”.

Independentemente dun estudo máis amplo sobre as actividades políticas –apoio ao exército de Franco e á ditadura, implicación no espolio do Pazo de Meirás e Casa Cornide etc– e sobre as súas actividades económicas, Pedro Barrié de la Maza, como significado franquista e colaborador do fascismo, non merece as honras e distincións concedidas polo concello da Coruña, Deputación provincial, concellos de Galiza e outras institucións. Estamos ante unha anomalía, que non se pode manter nunha democracia consolidada como a nosa. Hai algunha institución en Alemaña ou Italia que manteña honras e distincións a empresarios que colaboraron estreitamente cos réximes fascistas de Hitler e Mussolini?

O libro de Emilio Grandío (Edicións Laivento, 2011) recolle información sobre a vixilancia, delación e depuración en Galiza despois do trunfo dos sublevados. Só en Vigo, elaboraron 4.500 fichas entre 1936 e 1939, segundo recollía Iago Martínez nunha reportaxe en El País, 26-2-2012: “Vigo aportó 4.500 informes de ‘rojos e indeseables’ durante la Guerra Civil”:

El Ministro de Orden Público, Martínez Anido, firmaba un acuerdo secreto con el jefe de la seguridad nazi, el sanguinario Himmler, en la primavera de 1937 y se convocaron mil plazas para la unidad de Investigación y Vigilancia. Sueldo: 1.300 pesetas al año. Requisitos: ser español, entre 23 y 40 años, con aptitud física, sin antecedentes penales ni asomo de relación con el Frente Popular y la masonería.

En agosto de 1937 decidieron peinar el Banco Pastor. Al Presidente del Consejo, Ricardo Rodríguez Pastor, lo acusaban de haber concedido un crédito al Partido Galeguista y financiar el diario El Sol y el Atlantic Hotel, cuya propiedaa atribuían a Casares Quiroga y Wonemburger. De 115 empleados de la central, 77 resultaban sospechosos. En las sucursales habían marcado a otros 15. **El director general del banco, Pedro Barrié de la Maza, acató la depuración: seis a la calle y 51 sancionados.**

Coñecedores da biografía de Barrié, os seus servizos á ditadura e participación na represión, **concellos de Galiza xa retiraron distincións** a Pedro Barrié de la Maza. O concello de Ares cambiaba en 2016 o nome do colexio Conde de Fenosa, inaugurado na ditadura (1973). O Pleno de Sada de 29 de xaneiro de 2021 retiraba a Barrié o nome dunha avenida e a distinción de Fillo Adoptivo cos votos a favor de Sada Maioría, BNG e PSOE. O concello de Corcubión (alcaldía, daquela, do PSOE) aprobaba unha moción do BNG e retiraba a Barrié a distinción de Fillo Adoptivo.

Barrié **aínda conserva distincións** en numerosos concellos de Galiza: rúas en Ferrol e Fillo Adoptivo (16-6-1967); rúa en Narón. Medalla de Ouro da provincia, concedida a título póstumo pola Deputación da Coruña (17-5-1971). Fillo Adoptivo de O Barcos de Valdeorras (12-8-1947).

Na Coruña da nome a unha avenida e ao dique de abrigo, ten a Medalla de Ouro (5-4-1963), un retrato no palacio municipal de María Pita e un retrato na sala de xuntas da Autoridade Portuaria.

ANEXO 2

Informe para o Consello da Memoria Democrática do concello da Coruña, coordinado pola historiadora Ana Romero e o historiador Luis Lamela, en aplicación da Lei de Memoria Histórica

BARRIÉ DE LA MAZA, PEDRO

A Coruña 17/12/1888 - A Coruña 14/03/1971

Pedro Barrié foi un dos empresarios galegos máis destacados do período franquista e o ditador destacouno, o 1 de outubro de 1955, coa concesión do título de Conde de Fenosa, denominación alusiva á grande empresa hidroeléctrica que posuía (*Fuerzas Eléctricas del Noroeste. Sociedad Anónima. FENOSA*).

A vinculación con Franco foi moi estreita desde o inicio da Guerra Civil e mantívose durante toda a ditadura, manifestada a través de numerosas colaboracións e servizos. Así, durante a guerra, Barrié fixo importantes donativos ao exército sublevado destacando as cantidades entregadas a favor da *Defensa de la Patria*-25.000 pesetas a título persoal e 50.000 do Banco Pastor¹⁴-, ademais das *6.100 latas de conserva, 15.000 pastillas de jabón La Toja, 240 kilos de jabón especialmente elaborado para la tropa y 1.000 botellas de agua de Mondariz*¹⁵ para o exército. Pouco máis tarde regalaba ás novas autoridades *dos coches turismo*¹⁶ e repetía o envío de *28 cajas de jabón La Toja* dous meses máis tarde¹⁷.

Segundo un informe da Garda Civil asinado polo tenente coronel Benito Haro Lumbrera o 23 de setembro de 1937, Pedro Barrié de la Maza era *persona de buena conducta pública y privada.. No se tiene noticias de que haya estado afiliado a partido político alguno. Es de sentimientos católicos, que practica, y está considerado como uno de los principales capitalistas de la población y se le considera afecto al Glorioso Movimiento Nacional*¹⁸.

No desempeño do seu cargo de director do Banco Pastor participou activamente na depuración do persoal da entidade bancaria. En aplicación do decreto-lei nº 108 do 13 de setembro de de 1936 (*Boletín Oficial de la Junta de Defensa Nacional nº 22 do 16*), *os funcionarios públicos e de empresas subvencionadas polo Estado podrán ser corregidos, suspendidos y destituidos de los cargos que desempeñen cuando aconsejen tales medidas sus actuaciones antipatrióticas o contrarias al Movimiento Nacional* (artigo 3), medidas que debían ser acordadas polo xefe da entidade previas á instrución dun expediente (artigo 4). Deste modo, e tras solicitar informes á Garda Civil sobre a totalidade dos empregados do banco, tanto da súa sede central da Coruña como

das numerosas sucursais espalladas por toda Galicia, Pedro Barrié asinou entre outubro de 1937 e marzo de 1938, polo menos 25 sancións que ían desde a suspensión definitiva do emprego ata a suspensión de emprego e soldo por un período de entre 15 días e un mes ou o traslado definitivo a outra sucursal¹⁹.

Pedro Barrié foi nomeado procurador nas Cortes franquistas, ocupando este cargo, de forma ininterrompida, entre os anos 1946 e 1967. No pleno do Concello de 30 de marzo de 1950 solicitouse a concesión de Fillo Predilecto da Coruña, petición aceptada pouco despois polo Ministerio de Gobernación²⁰.

A Lei 52/2007, de 26 de decembro, é moi taxativa e determina que deben ser retirados os honores a persoas que, como neste caso, tiveron un papel destacado no apoio aos sublevados e na represión de traballadores da entidade que presidía polo que se lle deben retirar os honores concedidos: a substitución da denominación da avenida que leva o seu nome, a retirada do título de Fillo Predilecto e tamén o seu retrato, obra do pintor Rogelio Puente Díaz de la Rocha, que se exhibe na planta nobre da Casa Consistorial.

14. *La Voz de Galicia*, 01/08/1936.

15. *El Ideal Gallego*, 05/08/1936.

16. *La Voz de Galicia*, 09/09/1936.

17. *La Voz de Galicia*, 21/11/1936.

18. ARG. FGC. G-33.789.0

19. ARG. FGC. G-33.789. Tamén en AGA, sección Xustiza, caixa 75/951. O Banco contaba, ademais da casa central da Coruña, unha ampla rede de sucursais polo que o efecto das sancións afectou a traballadores de toda Galicia. En agosto de 1936 contaba coas seguintes sucursais nas localidades de: Barco de Valdeorras, Caldas de Reis, Cangas do Morrazo, Carballiño, Carballo, Cedeira, Celanova, Chantada, Ferrol, Fonsagrada, A Estrada, A Guarda, Lugo, Marín Melide, Mondoñedo, Monforte, Muxía, Noia, Ordes, Ourense, Padrón, Pontevedra, Pobra do Caramiñal, Pontearreas, Pontedeume, Ribadavia, Ribadeo, Rúa Petín, Ortigueira, Sarria, Tui, Verín, Vigo, Vilalba, Vimianzo e Viveiro. *La Voz de Galicia*, 13/08/1936.

20. O alcalde Alfonso Molina enviaba a solicitude ao gobernador civil con data do 13/04/1950 e este reenviaba a petición ao Ministerio de Gobernación o 03/05/1950, sendo aceptada por este con data de 26/05/1950. Expediente en ARG. FGC. G-31.543.

ANEXO 3

José María González-Llanos y Caruncho

Fillo Predilecto de Ferrol (3-6-1968) e Medalla de Prata; Fillo Adoptivo de Fene (28-10-1968). **Contralmirante** da Armada na ditadura. Recibe a “Medalla de la Campaña (1936-1939)” pola súa **participación no exército sublevado** o 18 de xullo de 1936.

O pleno de Ferrol de 2 de marzo de 1981 aprobaba a retirada de 61 rúas franquistas, entre elas a de José María González-Llanos (hoxe Circunvalación). Este Pleno recollía a “Propuesta sobre modificación del nombre de diversas calles del término municipal”, presentada pola Comisión de Cultura (estaba presidida por Xaime Quintanilla Rico, de Unidade Galega e fillo do alcalde), que dicía: “Diante do divorcio que se está a dar entre o nomenclátor oficial das rúas da cidade e o uso popular, e tentando superar unha etapa xa rematada, ten a honra de propoñer a este Pleno as seguintes modificacións”. (Acta do Pleno). Antes de someter a votación a proposta da Comisión de Cultura, falou Fernando Miramontes Vázquez: “El Partido Comunista va a decir que si porque este es un acto político y para ello fuimos elegidos y vamos a hacer esta política porque está amparada por la Constitución”. Ramón de Vicente, concelleiro de Coalición Democrática : “Se observa que hijos ilustres de la ciudad, unos cuyos nombres pertenecen a la historia de Ferrol, otros cuyos nombres pertenecen a la historia de España, quedan eliminados del callejero y no hay que olvidar que la historia de los pueblos se enriquece con la memoria de los hijos ilustres”. Sen dicir o seu nome, este militante de Alianza Popular (despois PP) pronunciábase pola permanencia da rúa González- Llanos: “Se pretende eliminar del nomenclátor el nombre de un hijo predilecto de El Ferrol, el nombre de un hombre, que tanto ha hecho por elevar el nivel de los hijos de la comarca, creando miles de puestos de trabajo, generando mucha riqueza para El Ferrol durante años y que ha hecho que el nombre de una de las empresas de la comarca, estuviese a nivel mundial, entre los nombres de la empresa más importantes del sector naval”.

O Pleno de Ferrol de 24 de setembro de 2009, sendo alcalde o socialista Vicente Irisarri, e sen ningún voto en contra (a favor de PSOE, EU, BNG e abstención do PP) acordaba pedir ao ministerio de Defensa, en cumprimento da Lei de Memoria Histórica de decembro de 2007, o cambio de nomes das rúas do Arsenal Militar porque son unha auténtica exaltación do franquismo e das persoas da Armada relacionadas coa represión da ditadura.

17 de xuño de 2015. **Paloma Rodríguez**, ferrolá e deputada socialista, manifestaba na Comisión Constitucional do Congreso: “Ferrol é unha cidade que aspira a converterse en Patrimonio da Humanidade. Este patrimonio que debe ser visible para a poboación e para os visitantes, non pode persistir en honrar coa denominación das súas rúas en el Arsenal [entre elas estaba a de González Llanos] a quen traizoaron a vontade do pobo e a legalidade”. Acababa así a súa intervención: “*No poden traizoar, señorías, a legalidade e non poden decepcionar ás persoas, a tantas persoas que loitaron e que loitan para a recuperación da dignidade das vítimas do franquismo e, consecuentemente, para a recuperación da dignidade deste país*”. Eses visitantes aínda poden contemplar hoxe unha estatua de exaltación da sublevación militar, dedicada a un Contralmirante da Armada fascista, como figura no pedestal da estatua de González Llanos en Esteiro: “La Marina a su Contralmirante”.

O 26 de outubro de 2018 a **Deputación da Coruña** aprobaba, sen ningún voto en contra: “Instar aos concellos da provincia a eliminar os restos de simboloxía franquista (escudos, insignias, placas, nomenclátor das rúas, inscricións) distincións, nomeamentos, títulos honoríficos e honores a golpistas, franquistas e demais formas de exaltación e enalteceamento individual ou colectivo da sublevación militar de 1936 e do franquismo, dos seus dirixentes ou das organizacións que sustentaron o réxime ditatorial”.

En decembro de 2018 o colectivo de presas e presos de Ferrol na ditadura presentaba o manifesto *Non queremos ao “Camarada Fraga” como Fillo Adoptivo*.

O Pleno de Ferrol de 25 de abril de 2019, alcaldía de Jorge Suárez (Ferrol en Común), aprobaba unha moción presentada polo BNG e acordaba retirar a Manuel Fraga Iribarne a distinción de Fillo Adoptivo, concedida en 1965, e tomaba tamén este acordo: “Revisar as distincións honoríficas outorgadas durante a ditadura franquista co fin de anular as que teñan vinculación con este réxime” (moción aprobada por BNG, Ferrol en Común e PSOE).

Esta moción ten plena validez para que o Ministerio de Traballo retire a González-Llanos a Medalla de Prata ao Mérito no Traballo: “Debemos retirar todas as distincións honoríficas que o concello teña concedidas ás persoas que as recibiran por ostentar algún cargo público ou prestar servizo ao réxime franquista. Persoas que foron lembradas e exaltadas deste modo pola súa participación no alzamento militar ou a durísima represión desenvolvida polo franquismo. Manter estes nomes e estas distincións significa manter os privilexios outorgados por un réxime opresor que se caracterizou pola falla de liberdades e que promoveu valores totalmente opostos aos valores democráticos, de xustiza e igualdade e de respecto á pluralidade e á diferenza. Así mesmo, é hora de librarnos completamente dos retazos que o franquismo e o seu réxime aínda mantén na nosa cidade para dar cumprimento a Lei de Memoria Histórica e pola dignidade de non enxalzar unha ditadura fascista que provocou milleiros de mortos froito da represión cruenta que practicou. Debemos limpar completamente a nosa cidade daquelas referencias que aínda perviven da ditadura fascista”.

17 de marzo de 2022. Un Decreto do Ministerio de Defensa eliminaba nove rúas do Arsenal Militar de Ferrol, entre elas a de González Llanos.

20 de marzo de 2022. **Paloma Castro**, portavoz de Memoria Histórica do Grupo Socialista no Parlamento Galego, denunciaba o “incumprimento” da Lei de Memoria Histórica por parte da Xunta ó manter simboloxía fascista en Galicia. Decía Paloma Castro: “É necesario e urxente o cumprimento do acordo parlamentario do ano 2008 no que se instaba a Xunta a eliminar toda a simboloxía fascista”. E acababa esta deputada do PSdeG: “Ademais dunha obriga legal, é unha obriga moral recoñecer a tantas persoas que sufriron a represión”.

31 de marzo de 2022. A iniciativa do Colectivo de Presas e Presos políticos de Ferrol na ditadura o **Pleno de Ferrol** aprobaba unha moción presentada por Ferrol en Común e BNG, sen ningún voto en contra (a favor de Ferrol en Común, PSOE e BNG, e abstención do PP) con este acordo: **“Retirar a distinción de Fillo Predilecto a José María González-Llanos y Caruncho, así como a estatua que ten na rotonda do barrio de Esteiro”**.

Nese Pleno o portavoz do BNG, **Iván Rivas, definía a González Llanos como “destacado membro do réxime franquista”**, reclamaba ao alcalde que sexa “honesto” e que cumpra o votado, retirando a estatua porque o contrario sería “enganar á cidadanía”. Consideraba que o debate era “anacrónico”, “extemporáneo” porque chega corenta anos despois de que o concello retirase en 1981 a rúa dedicada a González Llanos, nunha iniciativa promovida polo alcalde socialista Jaime Quintanilla. Consideraba “inaceptábeis” os argumentos do PP e pedía “honestidade política” a populares e socialistas “neste xogo de trileiros nos que se presenta unha moción pensando que as repercusións van ser inapreciables e ao ver a importancia que ten, teñen que recuar”. Pola súa parte, **Suso Basterrechea, portavoz de Ferrol en Común, definía a González Llanos como “un militar golpista que embarcou nunha guerra civil que acabou coa democracia”**. O alcalde do PSOE, Ángel Mato, manifestaba: “Naquel tempo, un podía ser designado, mesmo sen un proceso democrático, pero iso non significa en ningún caso que teña nada que ver con aqueles que exerceron tan duramente a represión e o castigo tan duro á sociedade civil”.

Aprobada esa moción producíase unha ofensiva da dereita e ultradereita. Así, Ortega Smith, dirixente de Vox, que estaba en Ferrol na Semana Santa de 2022, defendía a permanencia da estatua de González Llanos e manifestábase contra “los negadores de la verdad”, que pretenden “reescribir la historia” e “pisotear el pasado de España”. Mostraba a súa “preocupación por la insistencia del Gobierno Municipal en acabar con los monumentos y nombres de calles que son parte de la historia de la ciudad. Retirar las estatuas de insignes vecinos como D. Jose María Gonzalez-Llanos demuestra la ingratitud y complejos desfasados sobre una persona que trabajó y puso a Ferrol en el punto de mira internacional”.

(*Galicia Ártabra*, 11-4-2022): “Vox Ferrol ha mostrado su preocupación por la insistencia del Gobierno Municipal en acabar con los monumentos y nombres de calles que son parte de la historia de la ciudad. Se debe dedicar un mayor esfuerzo y trabajo a problemas de mayor importancia y calado como son la pérdida de población, el cierre de empresas, el aumento del paro y el deficiente estado de la ciudad, cuestiones mucho más importantes para los ferrolanos que la retirada de una estatua. Retirar las estatuas de insignes vecinos como D. Jose María Gonzalez-Llanos demuestra la ingratitud y complejos desfasados sobre una persona que trabajó y puso a Ferrol en el punto de mira internacional”.

O Colectivo de presas e presos políticos de Ferrol na ditadura promovía o manifesto “**FÓRA FRANQUISMO DE FERROL**” en apoio á moción do Pleno de Ferrol de 31 de marzo de 2022 para retirar, entre outras, as distincións a González-Llanos.

“As abaixo asinantes, entidades, escritoras, profesionais, historiadoras, queremos manifestar o noso apoio á iniciativa do colectivo de presas e presos políticos de Ferrol na ditadura que presentaron unha moción no pleno do pasado 31 de marzo, aprobada sen ningún voto en contra, sobre a eliminación da simboloxía franquista en Ferrol, após a retirada polo ministerio de Defensa de nove rúas franquistas do Arsenal. Consideramos que as persoas que participaron ou apoiaron a sublevación militar e fascista de 18 de xullo de 1936 contra un goberno democrático, como é o caso de Salvador Moreno Fernández e José María González Llanos y Caruncho, non poden manter rúas, distincións honoríficas ou estatuas porque sería un desprezo ás vítimas do franquismo –máis de 1.000 asasinadas nesa comarca despois da sublevación–, un claro incumprimento de acordos

plenarios de Ferrol desde hai máis de 40 anos, das Ordes e Resolucións do Ministerio de Defensa e da Lei de Memoria Histórica”.

**APOIOS AO MANIFESTO *FÓRA FRANQUISMO DE FERROL!*,
QUE INCLUÍA A RETIRADA DE DISTINCIÓNS A GONZÁLEZ-LLANOS**

Ademais de 28 entidades de Ferrol e de toda Galiza que apoian a retirada de distincións a González Llanos; 22 historiadoras/es; 35 escritoras, profesoras e xente da cultura, é moi significativo o apoio sindical da representación maioritaria de traballadoras/es de Navantia Ferrol: CCOO, CIG e CGT. E tamén o apoio dun Numeroso grupo de militares, coñecedores da participación de González Llanos no golpe de Estado de 1936:

SINDICATOS: Fundación 10 de Marzo de CCOO, Fundación Moncho Reboiras da CIG, CCOO-Navantia-Ferrol, CIG-Navantia Ferrrol, CGT- Navantia Ferrol.

ENTIDADES: A.C. Fuco Buxan de Ferrol, Fundação Artabria de Ferrol, Asociación Sociocultural Muíño do Vento de Canido-Ferrol, A.C. Medulio de Ferrol, Asociación por la Memoria Militar Democrática (AMMD), Colectivo de Militares demócratas Anemoi, ACMH 28 de Agosto de Cangas, Asociación Viguesa pola Memoria Histórica do 36, O Faiado da Memoria, A.C. O Facho da Coruña, A.C. Irmáns Suárez Picallo de Sada, Asemblea Republicana de Vigo, A.C. Alexandre Bóveda da Coruña, Asociación para a Dignificación das Víctimas do Fascismo de Lugo, A.C. Vieiros das Mariñas, Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica de Marín, Iniciativa Ciudadán da Memoria Histórica de Vilagarcía, Agora Galiza-Unidade Popular, C.C. Vangarda Obreira da Coruña, Galiza Nova da comarca da Coruña, Asemblea Republicana Galega, A.C. Cultura Aberta de Carral, A.C. Afonso Eanes da comarca da Barcala, Colectivo Capitán Gosende de Terra de Montes, C.S. Gomes Gaioso da Coruña, Colectivo Republicano de Redondela, Comité pola Memoria Histórica do Val do Limia, *La Comuna, asociación de presas y represaliadas por la dictadura.*

HISTORIADORAS: Dionisio Pereira, Víctor Manuel Santidrian, José Gómez Alén, Fernando Vidal Collazo, Xosé Estévez, Carlos Velasco Souto, Baldomero Iglesias Dobarrío, Enriqueta Otero Farto, Manuel Pérez Lorenzo, Xerardo Dasairas Valsa, Uxío-Breogán Diéguez, Beatriz Gómez Amigo, Emilio Xosé Insua, Francisco Javier Redondo Abal, Carlos Morais, Margarita Teijeiro, Emilio Xosé Insua, Carlos Babío, Xosé Ramón Ermida Meilán, Matias Rodríguez da Torre, José Ramón Veiga Alonso, Encarna Otero.

ESCRITORAS, XENTE DA CULTURA, PROFESIONAIS: Manuel Rivas, Xesús Alonso Montero, Mercedes Queixas, Gustavo Luca de Tena, Carmen Blanco, Laura Tato, Nemesio Barxa, Suso de Toro, Margarita Teijeiro, Claudio Rodríguez Fer, Xoán Ignacio Taibo Arias, Isabel Risco, Fernando Morán, Pepe Cáccamo, Valentín J. García Bóveda, Elvira Souto Presedo, Antón Costa Rico, Xosé Abad, Tino Lago Vargas, María Isabel Valdivieso, Anuncio Moroño Noya, Beatriz Parga Massa, Manuel Villares Creo, Celsa Díaz Cabanela, Miguel Ángel Gómez Álvarez, Nicanor Acosta, José Alberte Corral Iglesias, Christina Moreira, Noemí Fernández Durán, David Otero, Abel López Soto, Fernando Ocampo Montesinos, Xosé Manuel Sánchez Rei, Xosé Ramón Freixeiro Mato, Carlos Aymerich Cano.

MILITARES: Manuel Ruiz Robles (enxeñeiro, como González Llanos), capitán de navío na reserva, membro da Unión Militar Democrática (UMD) na ditadura, coordinador do Colectivo Anemoi, membro do Foro Milicia e Democracia; Floren Dimas Balsalobre, oficial retirado do Exército do Aire, promotor da reparación das vítimas do franquismo, membro da Asociación pola Memoria Militar Democrática (AMMD; Manuel Pardo de Donlebún, capitán de navío na reserva, presidente da AMMD; Luis Gonzalo Segura, extenente do Exército, escritor; Leandro Sierra, oficial do Exército do Aire; Alberto Romero García; Marcos Antonio Santos Soto, cabo de Redondela, expulsado do Exército despois de asinar o manifesto de militares antifranquistas [a sanción foi anulada polo Tribunal Supremo]; Enrique Ramírez Carriedo, secretario da AMMD; Ricardo Pascual Díaz, Garda Civil en activo; Enrique Vega Fernández, coronel de Infantería retirado, que foi o portavoz do Manifesto de Militares Antifranquistas.

Pleno de 9 de maio de 2022. O PP presentaba unha moción, aprobada co voto do PSOE, que revogaba os acordos do Pleno de 31 de marzo de 2022.

Marzo de 2023. Un grupo de persoas do colectivo de presas e presos políticos de Ferrol na ditadura –Sari Alabau Albors, Ricardo Aneiros Sixto, Ignacio Fernández Toxo, Anxo Ferreiro Currás, José Loureiro Fernández, José María Freire Piñeiro, Antón Martínez Aneiros, Manuel Monge González, Raúl Pillado Lista, Xosé Piñeiro Arnos, Francisco Rodríguez Sánchez, Alfonso Tellado Sande, Ramiro Tenreiro Pena, José Torregrosa Rodríguez, Fina Varela Fontán, José Villar Vergara–, dirixían un escrito ao alcalde de Ferrol, Ángel Mato, pedindo un compromiso da corporación municipal para a retirada da simboloxía franquista nese concello antes das eleccións municipais de 28 de maio de 2023 e da inauguración do Memorial ás vítimas do franquismo. Lembraban que apoiaban ese Memorial, proxecto no que están a traballar persoas dese colectivo, pero consideraban que esta iniciativa “é contraditoria coa permanencia de rúas e distincións a aqueles responsábeis deses crimes, que participaron na sublevación de 1936, na represión ou ocuparon cargos públicos relevantes na ditadura”.

González Llanos apoia a sublevación militar ou golpe de Estado de 18 de xullo de 1936 contra o goberno lexítimo da República.

Esta é a súa “folla de servizos” en combate e na retagarda, sempre cos sublevados, como recolle José María Blanco Núñez (*Capitán de Navío, Académico correspondente da Real Academia da Historia. Ingresou na Escola Naval Militar o 16 de xullo de 1962 e estivo ao mando, entre outros buques da Armada, da fragata “Cataluña”*): “Don José María González Llanos, que a la sazón era capitán de corbeta e ingeniero naval, se embarcó inicialmente como segundo (7 de agosto de 1936) y enseguida de tercero del Canarias, llevando con él bastantes operarios de diversos talleres de maquinaria, electricidad y artillería para completar la dotación de dicho crucero; desembarcó el 7 de noviembre de 1936 en que, habilitado de capitán de navío, «volvió a su puesto de Director de la Factoría de Ferrol, incautada por la Marina el 3 de agosto de 1936”.

Antes de incorporarse á Armada sublevada. González-Llanos coñecía que o Contralmirante Antonio Azarola Gresillón, xefe do Arsenal Militar de Ferrol e que non se suma ao golpe de Estado, era executado polos sublevados o 3 de agosto de 1936 por “abandono de destino”. E pouco despois coñecía que o *Udondo*, buque civil que transportaba carbón desde Xixón a Barcelona, era apresado no Cantábrico pola Armada sublevada o 12 de setembro de 1936. O barco foi levado a Ferrol e o

Estado Maior apropiouse do diñeiro e xoias das 40 persoas da tripulación e dous pasaxeiros, que foron todas executados no cemiterio de Serantes, sen xuízo, o 25, 26 e 27 dese mesmo mes, segundo documenta o historiador ferrolán Xosé Manuel Suárez.

González Llanos era coñecedor destes crimes dos sublevados. Despois da súa voluntaria participación na Armada sublevada e en accións de guerra; despois do asasinato polos sublevados de 1.000 persoas nas comarcas de Ferrolterra, Eume e Ortegá, como se pode defender que González Llanos non tivo ningunha relación coa represión? María Josefa Zorroza, sobriña de Teófilo Zorroza, un dos executados do *Udondo*, pedía xustiza e reparación á xuíza María Servini, que leva a Querela Arxentina para xulgar os crimes do franquismo.

González Llanos participa no cruceiro Canarias na Batalla de Cabo Espartel

González Llanos participa co Canarias na batalla de Cabo Espartel sendo comandante Francisco Bastarreche,, que afunde o destrutor da república Almirante Ferrándiz, quedando así libre o Estreito de Xibraltar para o paso do exército sublevado de África á península.

Unha placa colocada en xuño de 2018, con aprobación unánime (PSOE, PP e CS) do concello de Mijas (Malaga), lembra esa batalla: “En memoria de la tripulación del destrutor Almirante Ferrándiz, buque de la II República Española. Fue hundido el 29 de septiembre de 1936 por el crucero Canarias, **sublevado contra el gobierno democrático**. Murieron entre 98 y 102 tripulantes. Diecisiete supervivientes fueron fusilados en San Fernando (Cádiz) el 1 de enero de 1937”.

Bastarreche e González Llanos participaron na sublevación fascista de 1936 e están, xa que logo, directamente afectados polo artigo 35.1 da Lei de Memoria Democrática. En aplicación desa lei, Francisco Bastarreche Díez de Bulnes, perde distincións en varios concellos. **Alhama** (Murcia), cambiaba o 27 de outubro de 2015 (**alcaldía do PSOE**) a avenida Almirante Bastarreche por avenida de Cartagena, e retiraba unha escultura que tiña en El Jardín de los Patos. **Cartaxena** (Murcia), cambiaba o 30 de marzo de 2017 (votos a favor de PSOE e IU) a praza Almirante Bastarreche por plaza Puertas de San José e cambiaba o nome das rúas doutros dez militares participantes na sublevación de 1936, entre eles, General Martín Alonso, General Alonso Vega, General Moscardó, General Millán Astray. Tamén retiraron un busto de Bastarreche. **Xábia** (Alcante), cambiaba por acordo unánime do Pleno de 26 de xuño de 2014 (**alcaldía do PP**) o nome da praza Almirante Bastarreche por Presidente Adolfo Suárez.

Por outra parte, a sentenza da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Supremo de 15 de decembro de 2022, sobre a retirada en Madrid da rúa do Xeneral Asensio Cabanillas, que marca xurisprudencia, resolve que para retirar unha rúa ou distinción dunha persoa **non é necesario demostrar a participación nos tres feitos históricos recollidos na lei: sublevación militar, guerra civil e ditadura, senón que se considera un acto de exaltación se participou nun deles.**

ANEXO 4

José Fariña Ferreño

Ten a *Medalla de Plata de la Ciudad* (concedida o 6 de xuño de 1950, sendo alcalde Alfonso Molina), *Medalla de Oro de la Ciudad* (concedida no Pleno da Coruña do 25 de setembro de 1962),

ademais dunha **rúa no barrio do Castrillón**. José Fariña Ferreño recibía estas distincións, como recollía a acta do Pleno, “como recompensa y reconocimiento a sus merecimientos y desvelos a favor de La Coruña, desde el alto cargo de **Director General del Banco de Crédito Local**” (ocupou este cargo de 1938 a 1968).

Cando fracasan as subscricións populares, promovidas pola **Junta Pro Pazo del Caudillo**, para pagar o elevado custo da compra do pazo de Meirás, o Banco de Crédito Local que dirixe Fariña Ferreño concede un crédito de 500.000 pesetas para financiar a compra e as reformas necesarias no pazo de Meirás.

Fascista e golpista, era unha persoa moi próxima a José Calvo Sotelo e totalmente implicado na preparación da sublevación do 18 de xullo de 1936. Na primavera de 1936 exerceu de enlace entre o xeneral Sanjurjo e militares golpistas, levando unha mensaxe desde Lisboa para o xeneral Varela, que estaba en Cádiz.

Fariña Ferreño era unha persoa de confianza do ditador Franco e unha peza importante na represión fascista. **Está ao fronte da Delegación de Información de Residentes en Madrid (DIDREM)**, organización formada por persoal voluntario, formalmente destinada a recoller información sobre as persoas que se encontraban en Madrid e, con posterioridade no resto do territorio sometido polas tropas franquistas e cuxos datos foron empregado con fins represores, xa durante a guerra e, particularmente, cando finaliza esta. Esta organización chegou a elaborar 1.200.000 fichas.

Tiña amizade con Jacobo Rey Daviña, alcalde franquista de Vilagarcía de Arousa, como recollía o xornalista Couselo nunha entrevista: “Don Jacobo habla con admiración de don José Fariña Ferreño, director del Banco de Crédito Local: Es un gran amigo mío. Y es un gran amigo de Vilagarcía. Ahora le van a rendir un homenaje en Madrid. Pienso ir de tren a tren” (*El Correo Gallego*, 1969).

Os “servizos” de Fariña Ferreño a prol da ditadura foron recoñecidos e o 1 de abril de 1944 recibía de José Luís Arrese, secretario xeral de Falange Española, a **Encomenda con Placa da Orde de Cisneros**. A rúa e travesía José Luís Arrese en Madrid foi eliminada e agora é rúa Poeta Blas de Otero.

Eses “servizos” de Fariña tamén foron recoñecidos en Cádiz, inaugurándose nesta cidade en 1959 o grupo de vivendas Fariña Ferreño; e en 1969 era distinguido como Fillo Adoptivo de Cádiz. Co novo goberno municipal, a Xunta de Goberno Local de Cádiz aprobaba en xullo de 2018 a retirada da placa dese grupo de vivendas, así como a placa Barriada Queipo de Llano.

ANEXO 5

FARIÑA FERREÑO, JOSÉ

A Coruña 16/03/1896 - Madrid 09/01/1978

Sendo mozo exerceu de secretario particular de José Calvo Sotelo⁵⁶. O 31 de outubro de 1925 entrou a traballar como apoderado xeral do Banco de Crédito Local, cando Calvo Sotelo era ministro de Facenda⁵⁷, manténdose vinculado a esta entidade ata a súa xubilación en xuño de 1968.

Desde o 30 de novembro de 1938 ata 1941 exerceu como director xerente e como director xeral entre 1941 e 1968⁵⁸.

Na primavera de 1936 exerceu de enlace entre os golpistas e o xeneral Sanjurjo⁵⁹. En novembro de 1936, cando o exército sublevado pensaba que as súas tropas entrarían rapidamente en Madrid, xurdiu a necesidade de obter información rápida e precisa sobre o sucedido na cidade durante a Segunda República, especialmente durante os últimos meses.

Una de las personas del entorno inmediato de Francisco Franco, José Fariña Ferreño, ideó la denominada Delegación de Información de Residentes en Madrid (DIDREM), con una completa estructura organizativa. La oficina central de la Delegación se estableció en la Casa de Correo de Valladolid y dependió inicialmente de la Secretaría General de Su Excelencia el Jefe de Estado al frente de la cual se encontraba Nicolás Franco; fue éste quien, el 4 de noviembre de 1936, ordenó a José Fariña el inicio de las actividades de la DIDREM: Siendo inmediata la liberación de la capital de España, y deseando facilitar por cuantos medios sea posible, informes que se soliciten respecto de las personas afectadas por los actuales acontecimientos de Madrid que supongan residendo allí, he acordado: Que con mi Delegación especial se encargue de llevar a cabo dicho servicio de información urgente a partir de la toma de Madrid, procurando seguir las normas redactadas a dicho fin por esta Secretaría general. En el cometido de sus funciones contará usted con el concurso de las Autoridades civiles y militares, las cuales proporcionarán a usted los elementos y auxilios que requiera la misión que se le encomienda por medio de la presente en servicios de España⁶⁰.

A disposición finalizaba solicitando que o delegado, José Fariña Ferreño, informase a Nicolás Franco sobre o cumprimento e incidencias do ordenado⁶¹.

Para estas funcións DIDREM contaba co concurso das autoridades civís e militares que debían proporcionar os elementos e auxilios que requirise en cada caso a súa misión, *en servicio de España*⁶², o que supón a participación de José Fariña Ferreño na represión franquista. Os datos recabados por esta Delegación foron tamén empregados con fins represores, tanto durante a Guerra Civil, como na posguerra, e tamén, posiblemente, na chamada *Causa General*. José Fariña cesou nese cargo a finais de xaneiro de 1938, cando pasou de novo a incorporarse ao Banco de Crédito Local.

Estaba en posesión de numerosas condecoracións⁶³ entre as que destacan as relacionadas coa Coruña: a Medalla de Prata da cidade solicitada no pleno do Concello do 6 de xuño de 1950⁶⁴; a Medalla de Ouro no pleno do 25 de setembro de 1962, ademais da dedicación dunha rúa no barrio dos Castros (acordo do Concello do 15-12-1971). En 1961 recibiu a **Medalla al Mérito en el Trabajo**, na súa categoría de ouro, polos seus esforzos *siempre en línea de servicio y lealtad al Régimen y a los intereses públicos* (Decreto 1995/1961 de 13 de outubro, BOE, 24/10/1961). Como presidente do Banco de Crédito Local, organismo oficial que facilitaba créditos aos concellos para a realización de obras, Fariña Ferreño xestionaba as solicitudes e por iso era considerado como un *benfeitor*, merecedor de distincións honoríficas.

A participación de José Fariña Ferreño de forma activa na represión de concidadáns a través dos servizos da DIDREM son motivos suficientes para que se aplique a actual Lei de

Memoria Histórica, para que se elimine o seu nome da rúa da zona dos Castros que vai desde a Praza da Concordia ata a rúa José María Hernansáez, así como que se lle retiren as medallas de Prata e de Ouro concedidas no seu día polo Concello.

56 X.X. Rocha Carro, *Abegondo un curruncho das Mariñas*, Concello de Abegondo, 1996. Figura tamén nestetraballo a estreita vinculación de Fariña Ferreño coa parroquia de Sarandóns, no concello de Abegondo, e máis concretamente ao lugar de Bordel.

57. A participación de Fariña Ferreño na preparación do golpe militar e a súa estreita relación con Calvo Sotelo son unha proba máis da vinculación deste coa conxura.

58 AHBBVA, *Memorias de Sociedades, Banco de Crédito Local de España, Memorias 1936-1941, 1968.*

59 *El día 11 marché a Sevilla en coche, dejé éste en el garaje de un pariente y fui a casa de Ramón Carranza [...] para pedirle quedarme aquella noche en su casa, pues no podía alojarme en ningún hotel sin ser detenido. Me despertó temprano, lo que me hizo suponer que había llegado la policía, pero era para presentarme a don José Fariña Ferreño [...] que venía de Portugal como enlace del General Sanjurjo, jefe militar del Alzamiento en España. Fariña tenía que ver al General Varela en su nombre, pero Ramón Carranza consideraba un error el que Fariña fuera a Cádiz donde era conocido y cuya visita a Varela podía ser causa de complicación para éste. [...] Fariña lo comprendió así y desistió de ir a Cádiz [...]. Como alguien tenía que hablar con éste (Varela), acepté, y entonces me dijo Fariña que todo lo que tenía que comunicarle era lo siguiente: «De parte del General Sanjurjo, que tu puesto está en Madrid y que contestes sí o no». Según me dice Fariña en carta del 24 de Mayo de 1973, la idea de que Varela se hiciera cargo de Madrid había partido del Almirante, don Ramón de Carranza, Marqués de Villa de Pesadilla que estaba con Sanjurjo en Portugal. J. de Mora-Figueroa y Gómez-Imaz. Datos para la historia de la Falange gaditana 1934-1939. Jerez de la Frontera, Gráfico Exportador, 1974. Saitibi. Revista de la Facultad de Geografía i Historia, nº 66, 2016, pp.205-228. O autor era o xefe provincial de Falanxe de Cádiz.*

60 D. Ruiz-Berdún, Dolores; A. Gomis Blanco; A. González Bueno, “Entre la propaganda y el espionaje: la delegación especial para la información de residentes en territorio liberado (DIDREM) en la España de la guerra civil (1936-1939)”, *Saitibi. Revista de la Facultad de Geografía i Història*, 2016, nº66, p. 207. *Fue el propio Leopoldo Eijo Garay (1878-1963), obispo de Madrid-Alcalá, quien realizó las gestiones ante las autoridades del Gobierno Militar de Burgos, para que, con las primeras tropas que entrasen en Madrid, lo hiciesen algunos de sus colaboradores más próximos. En una carta que Eijo Garay dirige a Morán, fechada el 25 de noviembre de 1936, alude a las negociaciones con José Fariña Ferreño para que se agregasen a la DIDREM tanto Casimiro Morcillo como su capellán, Eugenio Pascual: “Así al menos tendríamos allí desde el primer instante personas que se ocupasen del clero que haya en Madrid, de las iglesias, etc. Podrían distribuirlos por las Iglesias, limpiar y reconciliar éstas, y empezar cuanto antes la celebración de Misas y administración de Sacramentos”.* Ibidem, p. 213.

61 A orde leva o número de rexistro de saída 453. M. A. García Alegre, *Memoria de la actuación de la Delegación para el Servicio de Información de Residentes en territorio liberado (DIDREM)*. Madrid, Gráficas de Afrodisio Aguado, 1939, p. 49.

62 *Diario Oficial de la provincia de León*, nº 77, 06/04/1937.

63 Os servizos de Fariña Ferreño a prol da ditadura foron recoñecidos e o 1 de abril de 1944 recibía de José Luis Arrese, secretario xeral de Falanxe Española, a Encomenda con Placa da Orde de Cisneros, unha distinción que se concede para premiar os destacados servizos de quen demostraron un alto espírito de entrega nas tarefas de *engrandecemento da Patria*.

64 Poucos días despois, o 24 de xuño, o alcalde Alfonso Molina cursaba a solicitude ao gobernador civil e o 01/07/1950 este enviaba o expediente ao Ministerio de Gobernación para a súa definitiva resolución. ARG. FGC. G-31.543.